

Agrupación Deportiva O Silbato



MEMORIA

IX TORNEO NACIONAL DE ÁRBITROS DE FÚTBOL

A CORUÑA, 7 DE XULLO DE 2018



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Deputación
DA CORUÑA



FEDERACIÓN GALEGA
DE FÚTBOL
Comité Técnico de Árbitros



HOTEL RIAZOR
A CORUÑA



Saunier Duval

BOAVISTA
- restaurante -



CARTEL




IX

TORNEO
NACIONAL
DE ÁRBITROS

FÚTBOL 7

7 XULLO, CIDADE DEPORTIVA DE A TORRE, A CORUÑA



diseño: msageitos@gmail.com

PRESENTACIÓN

A Agrupación Deportiva O Silbato leva traballando durante moitos anos en favor do colectivo arbitral de fútbol da nosa cidade e acolle no seu seno a case cento trinta árbitros pertencentes á Delegación de Árbitros da Coruña, de Boiro, Viveiro ou Pontevedra, pertencentes todas elas ó Comité Técnico Galego de Árbitros de Fútbol (CTGAF), que a súa vez forma parte da Federación Galega de Fútbol (FGF).

Fundada no ano 1989, pasou por numerosas vicitudes, pero hoxe en día está máis fortalecida que nunca, pois ademáis de ser a agrupación deportiva de árbitros máis antiga de Galicia, é todo un referente na realización de actividades deportivas, recreativas e culturais ó longo de todo o ano e dirixidas aos socios.

Entre as actividades que organiza a Agrupación Deportiva O Silbato, destaca sen lugar a dúbidas, o Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol, que organiza cada ano na época de verán e que botou a andar no ano 2010 coa primeira edición. Éste é un torneo que congrega en cada edición máis de douscentos árbitros, pois ademáis de participar as principais delegacións arbitrais de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Santiago, Boiro) sempre contou coa presenza de equipos do resto de España como de Castelá León, Principado de Asturias, Cantabria, Baleares, e mesmo este ano cun representante das Illas Canarias.

O Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol é todo un referente nacional, pois ten a honra de ser o único que se disputa de forma anual e continuada. O equipo que máis laureado do noso torneo é ata o de agora Ourense, xa que gañou as dúas primeiras edicións. Na terceira impuxose Palma de Mallorca, mentres que a cuarta e a quinta edición tivo como gañadores a Pontevedra e a Coruña Futsal respectivamente. Este ano, e tras repetirse a final do ano anterior, Vigo conseguiu proclamarse vencedor do VI Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol.

Unión, compañerismo, solidaridade, amizade, respecto, son algúns dos valores que a Agrupación Deportiva O Silbato inculca a todos os seus membros no día a día. Ademáis de todas as actividades que leva a cabo a Agrupación, a entidade organiza cada fin de temporada unha Gala na que premia a todos os colexiados que acadaron o ascenso de categoría e os que se proclamaron champions en alguna das distintas modalidades deportivas que organiza a Agrupación, como o torneo de pádel, de dardos, de volley playa, de tute, de tenis de mesa, de fútbolín, etc...

O Silbato, Campión do IX Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol

O IX Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol concluiu o sábado 7 de Xullo de 2018, cun novo campión, O Silbato, por primeira vez na historia do torneo, este quedaba na casa.

O IX Torneo Nacional de Árbitros arrincaba con 13 equipos, sendo as delegacions arbitrais representadas Coruña, Costa da Morte, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo y Coruña Futsal.

O torneo organizouse en 3 grupos. O grupo A e B contaba con 4 equipos, mentras que o grupo C contaba con 5 equipos.

No grupo A, O Silbato A pasou a seguinte ronda como segunda de grupo, polo gol average tras remontar un 2-0 en dous minutos no seu derradeiro encontro. Pola sua parte Vigo B facía un pleno e posicionabase como un dos favoritos.

No grupo B, Coruña B daba a sorpresa e cun triple empate acababa líder, por diante de Futsal, gran favorito, e de Lugo A que pasaba como mellor terceiro.

No grupo C Vigo A e Ourense A partían como favoritos pero os sureños levaban o primeiro posto pola diferenza de goles, mentras que a Costa da Morte, tras empatar cos Valeros a puntos, levaban o pase a cuartos por ter o gol average particular.

Todoos cuartos de final estiveron moi igualados, de ahí que todos se decidiran a penaltis, excepto O Silbato A, que se desfecía con facilidade de O Silbato B e empezaba a coller forma para a fase final. Ourense e Futsal disputaban a revancha do torneo anterior, e esta vez foron os futsaleiros os que levaban o gato a auga. Pola sua parte A Costa, quedaba as portas un ano mais.

A primeira das semifinales enfrontaba a O Silbato A e Coruña Futsal, nun duelo de favoritos igualadísimo. A Coruña volvía a unha final dous anos despois e Coruña Futsal a de consolación.

Na outra semifinal a cousa estivo máis igualada. O derbi sureño entre vigueses decantabase para o “peor” dos equipos. Os rapaces vigueses impoñíanse aos veteranos olivenses por 1 a 0 e plantábanse na final. Derbi por todo o alto para a gran final.

A finalísima do torneo presentabase moi igualada. Os dous primeiros do grupo A enfrontábanse. Presentaba todo tipo de alicientes. Revancha polo torneo anterior donde Vigo eliminou a Coruña en cuartos, revancha pola eliminación de Vigo a Coruña no torneo de Fútbol Playa, en definitiva, notábanse as ganas coruñesas. O partido pasou sen pena nin gloria, en parte polo cansancio en parte polo calor. Rematando cun resultado de 1-1. Sen máis fútbol que contar e para engadir drama ao asunto chegaban os penaltis. Renacían en Coruña os pantasma da sua última final perdida a penaltis,

pero esta vez non habería sorpresas. Coruña facíase campión do Torneo Nacional por primeira vez na súa historia.

A xornada rematou coa cea de clausura e a entrega de trofeos no Restaurante Boavista, onde se puxo o broche de ouro o VI Torneo Nacional de Árbitros de Fútbol.

RESULTADOS

- **Grupos:**

Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3
O Silbato "A"	Coruña Futsal	Vigo "A"
Vigo "B"	Coruña "B"	Ourense "A"
Pontevedra	Lugo "A"	Valero
Ferrol	Ourense "A"	Costa da Morte
		Lugo "B"

- **Resultados Fase Previa:**

Equipo	Resultado	Equipo
O Silbato A	2 - 2	Pontevedra
Ferrol	0 - 1	Vigo B
Ferrol A	1 - 3	Pontevedra
Vigo B	1 - 0	O Silbato A
O Silbato A	1 - 0	Ferrol
Vigo B	3 - 0	Pontevedra
O Silbato B	1 - 2	Coruña Futsal
Coruña Futsal	4 - 0	Ourense B
Ourense B	1 - 2	Lugo A
Lugo A	0 - 3	O Silbato B
Coruña B	3 - 0	Ourense B
Coruña Futsal	0 - 1	Lugo A
Costa da Morte	1 - 0	Valero
Lugo B	0 - 0	Vigo A
Valero	0 - 0	Ourense A
Costa da Morte	0 - 3	Vigo A
Valero	0 - 2	Vigo A
Ourense A	2 - 0	Lugo B
Costa da Morte	0 - 0	Lugo B
Vigo A	0 - 0	Ourense A
Valero	1 - 0	Lugo B
Ourense A	1 - 0	Costa da Morte

- **Resultados de Cuartos de Final:**

Equipo	Resultado	Equipo
Vigo B	0 – 0 (3 – 2)	Costa da Morte
Vigo A	0 – 0 (3 – 2)	Lugo A
Coruña B	0 – 2	Coruña A
Ourense A	0 – 0 (0 – 2)	Coruña Futsal

- **Resultados Semifinais:**

Equipo	Resultado	Equipo
Vigo B	1 - 0	Vigo A
O Silbatp A	2 – 0	Coruña Futsal

- **Resultado Final e Tercer e Cuarto Posto:**

Equipo	Resultado	Equipo
O Silbato A	1 – 1 (3 – 2)	Vigo B
Vigo		Coruña Futsal

CADRO DE HONRA	
CAMPIÓN	O Silbato A
SUBCAMPIÓN	Vigo B
TERCEIRO CLASIFICADO	Vigo A

O Silbato celebrando o título



AMBIENTE



CEA DE CLAUSURA E ENTREGA DE TROFEOS

